

ACTA DO CONSELLO XERAL ORDINARIO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

DATA: 21 de decembro de 2023

LUGAR: Casa do Concello de Narón

CARÁCTER DA SESIÓN E CONVOCATORIA: Sesión xeral, segunda convocatoria.

HORA DE COMEZO: 18:30 h

HORA DE FINALIZACIÓN: 20:15 h

Segundo o punto número catro do artigo 66 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Narón, *“para a válida constitución do consello, requírese a asistencia da metade máis un do número legal de membros en primeira e un terzo en segunda convocatoria”*. Tras convocar a 34 persoas representantes dos distintos grupos políticos municipais, das asociacións veciñais e consellos territoriais, e do consello sectorial de igualdade, asisten un total de 10 persoas, o que imposibilita a celebración oficial do Consello Xeral.

En todo caso, e a título informativo, recóllese a relación de persoas asistentes e información sobre os diferentes temas tratados, co obxectivo de informar ao conxunto de persoas participantes do Consello Xeral.

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENCIA DO CONSELLO:

- D^a. Olga Ameneiro López, Concelleira de Promoción Económica, Promoción e Xestión de Polígonos Industriais, Participación Cidadá e Cooperación no Ensino e Bibliotecas, en substitución da Sra. Alcadesa.
- D. Manuel Antonio Ramos Rodríguez, Concelleiro de ServizosServizos, Medio Ambiente e Sanidade.
- D. Martín Vázquez Añel, persoal técnico da Escola de Participación Cidadá do Concello de Narón, no rol da Secretaría do Consello Xeral.

EN REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

- D. Eugenio Carballeira López, en representación do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
- D^a. Tania Novo Mouriz, en representación do grupo político municipal do Partido Popular (PP)
- D^a. Silvia Maria De Arriba Fernández, en representación do grupo político municipal do Partido Socialista (PSdeG)

EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS:

- D^a. María Álvarez Lama, en representación da asociación veciñal de San Xiao.
- D. Ramón Francisco Couto Bellas, en representación da asociación veciñal do Couto.
- D. Javier Freire, en representación da asociación veciñal da Gándara.
- D^a Manuela Castro, en representación da asociación veciñal Os Irmandiños do Val.

EN REPRESENTACIÓN DOS CONSELLOS TERRITORIAIS:

- D. Bruno González Mauriz, da ASC Areosa, en representación do Consello Territorial de Piñeiros.

- D. Xosé Francisco Roade Servia, en representación do Consello Territorial do Couto.
- Luis Doce Dopico, en representación do Consello Territorial de de San Xiao.

EQUIPOS E PERSOAL TÉCNICO PARTICIPANTE:

- María Calvo e Ana Marquina, equipo técnico a cargo do desenvolvemento da ETI e do Plan Estratéxico de Acción Local Narón 2023.
- Iria Pérez Miranda, equipo redactor do PXOM
- Jairo Orjales, responsable do Plan de implantación inicial de recollida da fracción orgánica de residuos sólidos urbanos.

ORDE DO DÍA

- Benvida e presentación.
- Información sobre o proceso de participación no marco da elaboración da ETI e o Plan Estratéxico de Acción Local Narón 2030.
- Información sobre o estado de desenvolvemento do PXOM.
- Información sobre o Plan de implantación inicial de recollida da fracción orgánica de residuos sólidos urbanos.
- Espazo de diálogo: dúbidas, achegas, etc.
- Peche

DESENVOLVEMENTO

Ás 18.30 h , en primeira convocatoria, e sen contar con confirmación do número mínimo de persoas indicadas dende o Regulamento de Participación Cidadá, polo que non se pode celebrar formalmente o Consello Xeral, procedemos a ter igualmente un espazo de presentación e resolución de dúbidas coas persoas asistentes.

1. - BENVIDA E PRESENTACIÓN.

Olga Ameneiro López, en calidade de Concelleira de Promoción Económica, Promoción e Xestión de Polígonos Industriais, Participación Cidadá e Cooperación no Ensino e Bibliotecas presenta o sentido desta convocatoria e agradece a asistencia.

2. - INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE PARTICIPACIÓN NO MARCO DA ELABORACIÓN DA ETI E O PLAN ESTRATÉXICO DE ACCIÓN LOCAL NARÓN 2023.

María Calvo e Ana Marquina, no rol de equipo técnico a cargo do desenvolvemento da ETI e do Plan Estratéxico de Acción Local Narón 2023, comparten a seguinte información apoiada na presentación adxunta nomeada como "Anexo1_CX_ETI_PLANACCIÓNLOCAL.pdf".

A súa presentación pasa por definir a Estratexia de Desenvolvemento Integrado (ETI) e o Plan de Acción Local (PAL), unha "folla de ruta para definir o modelo de municipio", presentando o conxunto do proceso e a fase de participación en curso, compartindo os formularios de participación existentes na plataforma www.naronparticipa.gal, así como a priorización de retos e obxectivos obtidos ata o momento. Esta información complétase coa análise das diferentes cuestións presentes nas actas dos Consellos Territoriais, organizadas e agrupadas en función dos diferentes temas e territorios, definindo 7 grandes áreas para a estratexia: 1. Cambio climático; 2. Patrimonio cultural e natural; 3. Cohesión; 4. Actividade económica; 5. Rexeneración ambiental; 6. Dixitalización; 7. Gobernanza. Como peche, o equipo presenta as diferentes propostas

de liñas de actuación e posibles proxectos e accións que se poderían desenvolver no marco do Plan.

3.- INFORMACIÓN SOBRE O ESTADO DE DESENVOLVEMENTO DO PXOM.

Iria Pérez Miranda, arquitecta e codirectora do equipo redactor do PXOM, comparte información actualizada sobre o estado dos traballos, apoiada na presentación adxunta nomeada "Anexo2_CX_PXOM.pdf".

A entidade ARQYUR SC é a que está traballando no Plan dende fai un ano tras a subrogación do equipo anterior.

Compártese que este tipo de proxectos teñen unha tramitación moi longa, con moitas fases e informes, dependentes de moitas administracións diferentes. O documento está neste momento en fase de aprobación inicial, pendente de varios informes sectoriais. Tras a aprobación inicial o documento ábrese ao público e comeza a fase de presentación de alegacións.

Preséntase a estrutura do mesmo: 1. Contido do documento técnico; 2 Liñas xerais do traballo; 3. Criterios do traballo; 4. Conclusións a nivel xeral do PXOM. Sinálase que na carpeta AMAP (Análise do modelo de asentamento poboacional) é onde está localizada a información que pode ser relevante para a veciñanza. Ademais, na carpeta 06 (Planos de ordenación) será onde a veciñanza poderá consultar a ordenación do seu núcleo rural, da súa rúa, etc. Outra cuestión destacada son os títulos 9 e 10, dentro do documento de normativa, onde se regulan os suelos urbanos e os nucleos rurales.

Preséntanse tamén os outros estudos realizados: ambiental; mobilidade; impacto de xénero; etc. Tamén a clasificación do suelo no conxunto do termo municipal e a presentación de suelo urbano e suelo urbano non consolidado e as súas definicións; definicións de suelo de núcleo rural. presentación dunha ficha exemplo explicativa; zonas verdes e libres, etc.

4.- INFORMACIÓN SOBRE O PLAN DE IMPLANTACIÓN INICIAL DE RECOLLIDA DA FRACCIÓN ORGÁNICA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

Jairo Orjales presenta este punto como responsable do Plan de implantación inicial de recollida da fracción orgánica de residuos sólidos urbanos, apoiado na presentación adxunta nomeada "Anexo3_CX_RecollidaResiduos.pdf".

Explica que o motivo de incorporar este punto no Consello Xerá é porque para o éxito deste proxecto é precisa a implicación e participación de toda a cidadanía, traballando na organización dos residuos xerados, reducindo progresivamente o que remata nos vertedoiros. Presenta a normativa vixente. A previsión é que esta recollida estea en marcha ao comezo de 2024.

3.- ESPAZO DE DIÁLOGO

.- Non hai preguntas por parte da veciñanza sobre o desenvolvemento da ETI e do PAL. Eugenio Carballeira, en representación do BNG sinala o positivo que é a

incorporación das achegas e necesidades compartidas nos Consellos Territoriais. Entende ademais que o Plan é necesario para o acceso a liñas de financiamento europeo e pregunta ata que punto un documento así vincula ao Concello. Respóndese que son documentos que precisas de aprobación en Pleno Municipal, polo que amosan un compromiso e un consenso, mais non son documentos normativos. Pola contra, as accións que se presenten en fases posteriores a unha convocatoria concreta xa teñen certo nivel de compromiso.

.- Eugenio Carballeira, ao respecto do PXOM, interésase polo período de exposición: Canto durará? Como será o proceso? Haberá algunha ferramenta ou algún material informativo?

O período de exposición, regulado por lei, é de dous meses dende a data de publicación no DOGA. Existirá un formulario para a presentación de alegacións, e será preciso presentar un formulario por parcela. Xa se incorporan no mesmo as cuestións que aparecen con frecuencia, para eliminar complexidades técnicas, simplificando o proceso para a veciñanza. O equipo redactor recolle estas alegacións, agrupándoas e elaborando unha proposta de resposta das alegacións recollendo a relación de aquelas contestadas negativamente, sinalando os motivos da denegación.

Xosé Francisco Roade pregunta pola previsión de aprobación. Os plans do Concello son aprobar ese documento no mes de xaneiro, pendentes de tres informes: urbanístico e xurídico (xa elaborados) e á espera do informe da intervención. Tras a aprobación inicial un técnico municipal e o Concelleiro de urbanismo visitarán as diferentes parroquias explicando o PXOM coa colaboración do equipo redactor.

.- Ao respecto do plan de implantación inicial de recollida da fracción orgánica, compártense varias preguntas sobre os residuos a incorporar nese conxunto; sobre o uso duns ou outros colectores en función da cercanía aos mesmos; sobre o destino do biocombustible resultante, etc.

Visto e praxe,

A Presidencia do Consello Xeral de Participación Cidadá, D^a. Olga Ameneiro López, Concelleira de Promoción Económica, Promoción e Xestión de Polígonos Industriais, Participación Cidadá e Cooperación no Ensino e Bibliotecas, en substitución da Sra. Alcaldesa.

A Secretaría do Consello de Xeral de Participación Cidadá, Martín Vázquez Añel, persoal técnico da Escola de Participación Cidadá.